

## Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro (CNAE-2009, 90-91-93-94)

### METODOLOXÍA

#### Introdución

Baixo a consideración xenérica de ISFL englobanse entidades que se organizan baixo modelos e figuras xurídicas que presentan certos trazos en común, entre os que destaca a ausencia dun interese directo de lucro, se ben o carácter non lucrativo deberá ser matizado nalgúns casos nos que determinadas ISFL exercen actividades dirixidas ao mercado. Asociacións e fundacións conforman o núcleo do “Sector Non Lucrativo” (SNL), consideradas, en xeral, como entidades que se sitúan nun plano intermedio entre as Empresas privadas en sentido clásico e as Administracións Públicas (AAPP). A posición de carencia de intereses lucrativos das ISFL é compatible coa súa posible dependencia fundacional, de empresas privadas nuns casos e das AAPP noutros. A importancia do Sector Non Lucrativo maniféstase tanto no elevado número de entidades que o integran como na diversidade de actividades que levan a cabo; o seu estudo presenta así un interese crecente, o que explica as numerosas achegas para construír un corpo analítico que permita unha aproximación ás principais magnitudes baixo unha base metodolóxica que facilite unha comparación espacial e temporal, obxectivo estatístico básico.

A operación “Enquisa sectorial a empresas e institucións sen fins de lucro” ten como obxectivo abordar a caracterización estrutural e principais variables da actividade das ISFL.

Está operación proxectouse inicialmente con un ámbito non definido, tomando como eixe as actividades das ISFL. Sen embargo, nos traballos previos de delimitación do ámbito de investigación e depuración do directorio detéctase unha problemática particular:

1) A heteroxeneidade de fundacións e asociacións:

A heteroxeneidade estrutural e funcional á unha característica de fundacións e asociacións.

Unha tipificación pode abordarse baixo criterios relativos á súa actividade ou o seu tamaño

Coexisten entidades con estruturas organizativas complexas (recursos humanos, recursos económicos...) con entidades de estruturas elementais

2) Carencias de estruturas administrativo-contables e escasa transparencia:

Ausencia dunha normativa contable aplicada con carácter xeral.

Precariedade de medios en boa parte das entidades.

A miúdo descoidan unha organización interna dos aspectos contables.

A consecuencia inmediata á unha escasa transparencia, agravada en moitos casos pola opacidade nas fontes de financiamento.

A problemática sinalada, xunto cos problemas detectados na fase de depuración do directorio aconsellaron limitar o ámbito da investigación ás actividades nas que teñen unha presenza maioritaria as ISFL, é dicir, as divisións 90, 91, 93 e 94 da CNAE-2009.

## **1.Obxectivos da investigación**

O obxectivo primario desta operación estatística é unha aproximación ás variables de maior interese das Institucións Sen Fins de Lucro (ISFL) que exercen a súa actividade nas Divisións CNAE 90-91-93-94. O obxectivo esténdese, de forma complementaria, ás principais magnitudes económicas das Divisións consideradas, con independencia do carácter das entidades que a integren.

Como obxectivos específicos:

- Proporcionar información relativa á actividade, organización, recursos económicos e gastos das ISFL integradas nas Divisións CNAE 90-91-93-94
- Proporcionar información relativa ás variables económicas e de emprego nas Divisións CNAE sinaladas.
- Sentar unha base de partida para sucesivas operacións estatísticas relativas ao Sector Non Lucrativo.
- Ser un instrumento útil para outras operacións do IGE, en particular para as estatísticas de síntese.

## **2.Ámbito de investigación**

### **Ámbito poboacional**

O ámbito de investigación inclúe os seguintes grupos de actividade de referencia (CNAE-2009):

- 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
  - 90.0 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
- 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
  - 91.0 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
- 93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
  - 93.1 Actividades deportivas
  - 93.2 Actividades recreativas e de entretemento
- 94 Actividades asociativas
  - 94.1 Actividades de organizacións empresariais, profesionais y patronais
  - 94.2 Actividades sindicais
  - 94.9 Outras actividades asociativas
    - 94.91 Actividades de organizacións relixiosas
    - 94.92 Actividades de organizacións políticas
    - 94.99 Outras actividades asociativas n.c.n.

O estudo inclúe o conxunto de Institucións Sen Fins de Lucro (ISFL) e Empresas con actividade en Galicia encadrada nos grupos CNAE de referencia. Quedan excluídos do campo de investigación os Organismos Públicos.

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico é todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo tanto as Entidades con sede social en Galicia como aquelas que tendo sede fóra de Galicia teñen actividade nesta Comunidade.

### **Ámbito temporal**

A investigación ten como referencia o exercicio económico 2014.

## **3. Definicións e aspectos metodolóxicos**

**ISFL:** Fundacións, Asociacións ou Organizacións que non teñen como obxectivo o lucro económico.

**IPSFL:** Entidades, Asociacións e Fundacións, independentemente dos seus obxectivos fundacionais, sempre e cando teñan carácter privado e que o seu obxecto fundacional non sexa a actividade económica.

**Empresa** (a efectos da operación estatística: persoas físicas e sociedades mercantís) : combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión.

**Entidade** (a efectos da operación estatística): ISFL e Empresas

**Actividade da entidade:** enténdese por actividade principal da entidade aquela que contribúe en maior medida ao valor engadido xerado por esta en Galicia no 2014.

**Emprego medio anual:** para determinar o emprego medio anual considéranse todas as persoas empregadas durante o exercicio promediado segundo o tempo durante o cal prestasen os seus servizos na empresa. Enténdese como persoal asalariado o conxunto de persoas que traballan ou realizan tarefas para unha empresa a cambio dunha determinada remuneración ou salario (non se inclúen aquelas persoas contratadas a través dunha empresa de traballo temporal). Como persoal non asalariado aquelas persoas que dirixen ou participan activamente nas tarefas da empresa sen recibir unha remuneración fixa ou un salario (inclúe os traballadores por conta propia, propietarios, socios activos...).

**Ingresos:** é o importe total resultado de agregar os diferentes ingresos obtidos pola entidade durante o ano de referencia. Refírese aos ingresos en Galicia exclusivamente. Está adaptado ao Plan de Contabilidade das entidades sen fins de lucro:

- Cotas de asociacións e afiliados : cantidades de carácter periódico e contía determinada, percibidas por cotas de persoas afiliadas ou asociadas á entidade.
- Achegas de usuarios: cantidades percibidas dos usuarios en concepto de participación no custo da actividade propia da entidade.
- Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores: ingresos derivados de campañas para a captación de recursos nas súas diferentes modalidades; e tamén, cantidades percibidas dos patrocinadores e colaboracións empresariais co obxecto de contribuír á realización dos fins da actividade propia da entidade.
- Subvencións, doazóns e legados: recolle os importes que deben ser imputados ao resultado del exercicio por subvencións, doazóns e legados.
- Prestación de servizos: recolle o importe total dos ingresos obtidos pola entidade durante o ano de referencia en concepto de contrapartida polos servizos prestados a outras empresas, persoas o entidades.
- Resto de ingresos: suma dos restantes ingresos non incluídos nos epígrafes anteriores. (Inclúe os “Outros ingresos”, “Vendas de produtos e mercadorías”, “Reintegro de axudas e asignacións”).

**Gastos:** é o importe total obtido como resultado de agregar os diferentes gastos realizados pola entidade durante o ano de referencia. Refírese aos gastos en Galicia exclusivamente. Está adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade:

- Gastos de persoal: importe total agregado dos pagos efectuados pola entidade durante o ano de referencia en concepto de soldos e salarios, indemnizacións, seguridade social e outros gastos de persoal.
- Aproveitamentos: recolle as compras netas de materias primas (bens destinados á actividade) e mercadorías (bens adquiridos pola entidade para a súa entrega sen transformar) efectuadas pola entidade.
- Servizos exteriores: comprende o importe total do conxunto de gastos de explotación de natureza diversa realizados pola entidade, tales como gastos en I+D, arrendamentos e canons, reparacións e conservación, servizos de profesionais independentes, transportes, primas de seguros, servizos bancarios e similares, publicidade, propaganda e relacións públicas, subministracións e outros servizos.

#### **4.Unidades de análise e mostraxe**

##### **Unidade informante e unidade de análise**

A unidade informante é a entidade. A unidade básica de análise é a parte desta con actividade en Galicia.

## **Marco**

O marco de mostraxe utilizado para o deseño e selección da mostra é o Directorio de empresas elaborado polo IGE. Trátase dun rexistro organizado de información con datos de identificación, localización, actividade económica, número de asalariados e personalidade xurídica, obtido a partir de fontes administrativas e completado con fontes auxiliares, entre elas a información procedente das operacións estatísticas que realiza o propio IGE no ámbito empresarial.

## **Unidades de mostraxe**

A unidade de mostraxe é a Entidade (Asociación, Fundación ou Empresa).

## **5.Deseño da mostra**

### **Tipo de mostraxe:**

A mostraxe que se utiliza é a aleatoria estratificada.

A poboación de Entidades obxecto desta operación estratificouse mediante o cruce das seguintes variables:

- Actividade principal: divisións CNAE-2009 (90, 91, 93, 94)
- Estrato de emprego: en función do número de asalariados en Galicia, considerando os seguintes intervalos:
  - 1: ata 2 asalariados
  - 2: de 3 a 9 asalariados
  - 3: 10 ou máis asalariados

Cada estrato, determinado polo cruce das variables mencionadas, constitúe unha poboación independente a efectos de mostraxe.

### **Tamaño da mostra**

Investíganse exhaustivamente as unidades de 10 ou mais asalariados en Galicia (estrato 3) .

Para os estratos 1 e 2 o tamaño e a distribución da mostra determinanse a partir das fórmulas de mostraxe aleatoria estratificada con afixación óptima cando se teñen estratos investigados exhaustivamente (autorrepresentados), utilizando como variable auxiliar o emprego asalariado (X):

$$n' = \frac{(\sum_{h=1}^{H'} W'_h \times S_h)^2}{\frac{(e\bar{X})^2}{t_\alpha^2} \left(\frac{N}{N'}\right)^2 + \frac{1}{N'} \sum_{h=1}^{H'} W'_h \times S_h^2}$$

Onde:

$\bar{X} = \frac{X}{N}$ : emprego medio; X: emprego total; N: total de Entidades

$N_L$ : total Entidades nos estratos autorrepresentados

$N' = N - N_L$ : total Entidades sen ter en conta o estrato autorrepresentado

$$W'_h = \frac{N_h}{N'}$$

$S_h^2$ : cuasivarianza da poboación de Entidades do estrato  $h$

$e_r$ : erro relativo de mostraxe

$t_\alpha$ : valor crítico da normal estándar para un nivel de confianza do  $(1 - \alpha) \times 100$ .

$n'$ : tamaño da mostra non autorrepresentada

As fórmulas anteriores aplícanse tomando  $\alpha = 0,05$ , e polo tanto  $z_{\alpha/2} = 1,96$ , e prefixando os seguintes erros de mostraxe relativos ( $e_r$ ):

- 5,5 % a nivel división CNAE

O tamaño de mostra así obtido increméntase, no caso de ser necesario, hasta un número mínimo de 3 entidades por estrato.

Ademais, e para atender a posibles incidencias na recollida de información, o tamaño total de mostra resultante de aplicar todos estes criterios increméntase nunha porcentaxe fixa.

A mostra final quedou constituída por un número aproximado de 550 entidades.

## Selección da mostra

Con carácter previo á selección da mostra procédese á unha depuración selectiva do Directorio, co fin de cubrir as posibles lagoas de identificación. Nesta fase dáse prioridade ás entidades do estrato 3.

A mostra selecciónase sobre o Directorio depurado, a través dun procedemento automático. En cada estrato de selecciónase a mostra de titulares e suplentes.

## 6. Recollida da información

### Questionario

Deseñáronse dous modelos distintos de cuestionarios, un para Empresas e outro para ISFL, pra adecuar a información ás características específicas de cada unha delas.

O cuestionario estrutúrase en tres apartados:

- ➔ Emprego: persoal asalariado, outro persoal e voluntariado
- ➔ Ingresos e fontes de financiamento:
  - Cotas de asociación/afiliación;

- Achegas dos usuarios
- Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores
- Subvencións, doazóns e legados
- Prestación de servizos
- Outros ingresos

→ Gastos

- Gastos de persoal
- Aproveisionamentos
- Servizos exteriores

Con carácter previo á recollida de información directa a través dos métodos descritos no seguinte apartado (“Método de recollida. Incidencias”), levouse a cabo unha revisión da información dispoñible en fontes alternativas (por exemplo, as Memorias de actividade ou as Contas Anuais depositadas no Rexistro Mercantil), limitándose a información a solicitar a aquela non dispoñible e considerada indispensable para os obxectivos propostos.

### **Método de recollida. Incidencias**

Os traballos de recollida da información efectúanse cos medios persoais do propio IGE. O período de recollida e gravación da información levouse a cabo no período abril-setembro de 2016.

O envío dos cuestionarios e a recollida da información contida nos mesmos realízase segundo a elección da unidade informante: correo postal, Fax, correo electrónico ou internet.

Na recollida mediante Internet é a propia entidade informante a que accede a unha aplicación informática vía Web e cubre o cuestionario directamente, o que supón un aforro de tempo xa que a información se recibe directamente no servidor do IGE.

Nunha primeira fase, remítese o cuestionario por correo ás unidades informantes xunto coa carta de presentación. As Entidades contan cun prazo de 15 días para devolvelo cuberto.

A continuación, realízanse roldas de contactos telefónicos coas entidades nas que non se obtivo a resposta ou nas que se considerou insuficiente ou dubidosa a recibida.

No proceso de recollida da información pódense presentar incidencias que impiden ou dificultan a obtención dos cuestionarios correctamente cubertos, derivadas de situacións atípicas nas unidades informantes, tales como entidades pechadas, non localizadas ou mesmo negativas á resposta. Unha asignación correcta e o seu rigoroso tratamento son determinantes nos resultados da operación estatística, xa que facilitan a análise e tratamento dos datos obtidos.

## **7. Procesamento da información**

O procedemento de validación dos datos lévase a cabo nas seguintes fases: depuración manual, depuración informática e validación posterior da calidade.

A depuración manual efectúase nada máis recibir os cuestionarios para verificar a súa correcta cobertura.

Para o control e depuración automática da información a propia aplicación informática de gravación establece uns criterios de validación agrupados en erros e avisos. Os erros poñen de manifesto que nalgunha parte do cuestionario existe algún dato incorrecto, incoherente ou inconsistente que é imprescindible corrixir. Pola contra, os avisos teñen como finalidade advertir que existen datos no cuestionario, cando menos “anormais”, e que deberán ser revisados e comprobados, anotando tal feito no correspondente apartado de observacións.

A continuación efectúase unha primeira validación dos datos gravados mediante os seguintes controis de calidade:

- Compróbase que todos os cuestionarios dados por definitivos cumpren con todas as regras de validación ou teñen a súa correspondente xustificación. En principio só serán dados por válidos os cuestionarios gravados sen erros e con avisos acreditados.

- Revísanse as incidencias e se están debidamente acreditadas.

- Compróbase os cambios de actividade.

- Calcúlanse determinados estatísticos (media, desviación, moda, percorrido...) dalgunhas variables do cuestionario por actividade e tamaño co obxecto detectar valores extremos e/ou anómalos para a súa comprobación e verificación.

A segunda validación dos datos, tamén chamada macrodepuración, efectúase unha vez executado proceso de imputación. Consiste en analizar os resultados obtidos para determinadas variables e indicadores.

En calquera dos casos anteriores, a regra xeral será verificar a información gravada, tratar de solucionar os problemas coa información do cuestionario e, de non poder resolverse, chamar ás Entidades para a súa aclaración.

## **Estimadores**

Para estimar as diferentes variables, utilízanse estimadores de expansión, a partir dos tamaños poboacionais e mostrais en cada estrato de actividade-emprego, tomando como base o marco e a mostra seleccionada, previa introdución das correccións derivadas das incidencias observadas na fase de recollida da información, tales coma cambios de estrato ou peches.

## **8. Presentación de resultados**

A información preséntase en forma de táboas de resultados na web do IGE.

As táboas conteñen os datos obtidos mediante o cruce das variables coa actividade (CNAE-2009) e o tipo de entidade.

### **Limitación dos resultados e contraste con outras estatísticas do IGE**



As “Contas de produción e explotación e emprego a 73 ramas de actividade” elaboradas e publicadas polo IGE como parte do Proxecto Contas Económicas de Galicia Base 2010, permiten un contraste parcial dos resultados, limitada polo diferente ámbito obxectivo.

A heteroxeneidade das actividades investigadas, a escasa transparencia contable de boa parte das entidades que a conforman, xunto co tamaño reducido da mostra, obrigan a tomar os resultados como unha primeira aproximación á magnitude real das variables agregadas.

A experiencia dos traballos de campo aconsella continuar a investigación baixo un enfoque cualitativo específico para cada un dos colectivos implicados.